

UTILIDAD CLÍNICA DE LA CÁPSULA ENDOSCÓPICA EN EL SANGRADO GASTROINTESTINAL DE ORIGEN OSCURO. REVISIÓN SISTEMÁTICA.

Este documento realizouse no marco de colaboración previsto no Plan de Calidade para o Sistema Nacional de Saúde, ao amparo do convenio de colaboración subscrito polo Instituto de Saúde Carlos III, organismo autónomo do Ministerio de Sanidade e Consumo, e Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS).

DOCUMENTOS RELACIONADOS

Solicitud de
documento a
texto completo

A definición máis aceptada de hemorraxia ou sangrado de orixe escura (OGIB) é a da American Gastrointestinal Association que a define como a hemorraxia dixestiva de causa descoñecida que persiste e recorre (persistencia ou recurrencia de anemia ferropénica, sangue oculto en feces ou sangue visible) despois dun resultado inicial ou proba inicial negativa no estudo endoscópico convencional colonoscopia e esofagogastroduodenoscopia).

O diagnóstico etiológico desta patoloxía é difícil, debido fundamentalmente a que a sintomatoloxía é pouco específica e o acceso ao intestino delgado moi laborioso pola súa gran lonxitude e sinuosidad.

A cápsula endoscópica (CE) é un dispositivo do tamaño dunha cápsula de vitaminas grande que permite obter imaxes da totalidade do intestino delgado de modo cómodo e ambulatorio. Os resultados de varios informes, incluído un informe anterior da Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias de Galicia (avalia-t) puxeron de manifesto que o rendemento diagnóstico da cápsula é superior ao das técnicas convencionais (tránsito baritado, enteroclisís, enteroscopia por pulsión, etc.) pero descoñécese a efectividade fronte a novas tecnoloxías como a enteroscopia de dobre balón e existen grandes incertezas acerca da verdadeira efectividade desta técnica e a utilidade en canto ao manexo e consecuencias clínicas para o paciente.

O obxectivo deste traballo é analizar a verdadeira efectividade da CE e a súa utilidade en canto ao manexo e consecuencias clínicas dos pacientes con sangrado gastrointestinal de orixe escura.